

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

---

CEIP PLURILINGÜE PEPE DE XAN BAÑA

EDUCACIÓN ARTÍSTICA E VISUAL  
5º EDUCACIÓN PRIMARIA

## Táboa de contidos

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.....	2
2. Avaliación e cualificación.....	2
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre. (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación).....	3
4. Información e publicidade.....	4

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.		
<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>Competencias clave</b>
Experimentar coas imaxes como unha ferramenta para deseñar documentos de información e comunicación (carteis, guías, folletos etc.)	Realiza composicións que transmitan emocións e sensacións básicas, utilizando distintos elementos e recursos para os axustar ás necesidades.	CCE CSIEE CCL
Realizar planos, mapas e carteis, individualmente e en grupo; manexando as ferramentas básicas do debuxo xeométrico.	Participa nas actividades propostas e amosa interese por elas, colaborando sempre que se trate dun traballo en grupo.	CCEC CMCCT CSC
Amosar interese polo traballo, apreciando e valorando a correcta realización de actividades e a presentación	6.3. Amosa interese polo traballo e a aplicación, apreciando a correcta realización dos exercicios e actividades.	CCEC CSC

2. Avaliación e cualificación.	
<b>Avaliación</b>	Procedementos: terase en conta a elaboración diaria das tarefas propostas así como o interese por facelas ben.
	Instrumentos: as tarefas que envíen para a súa publicación nos blogues abaixo citados.
<b>Cualificación final</b>	Para a obtención da nota final do curso terase en conta o 1º trimestre cun 40%, o 2º trimestre cun 40% e o 3º trimestre cun 20%.  Así mesmo, por contemplar unha avaliación continua, no caso de ter un suspenso na 1º avaliación e un

	aprobado na 2º, considéranse acadados os mínimos necesarios para a promoción.
<b>Proba extraordinaria de setembro:</b>	Por aplicar un carácter de avaliación continua e que os contidos, obxectivos, estándares e competencias se poden traballar no vindeiro curso, non se concibe unha proba extraordinaria para setembro.
<b>Criterios de avaliación:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Elaboración das tarefas propostas polo profesorado.</li> <li>- Comunicación diaria e/ou semanal co profesorado para o envío das tarefas e a súa publicación.</li> </ul>
<b>Criterios de cualificación:</b>	100% realización e envío das propostas creadas.

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre. (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<b>Actividades:</b>	Debido ó curso no que se está a traballar e a situación na que nos atopamos, as propostas serán comunicadas empregando a páxina do centro <a href="https://www.edu.xunta.gal/centros/ceippepedexan/">https://www.edu.xunta.gal/centros/ceippepedexan/</a> ou o blogue da biblioteca <a href="https://abibliodefuco.blogspot.com/">https://abibliodefuco.blogspot.com/</a>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):</b>	<p>Como todo o conxunto do alumnado ten un acceso mínimo a internet e ó ter enviados os libros para as casas antes do peche dos centros, semanalmente realízase unha variedade de propostas para que todo o alumnado poida participar de forma activa sen prexuízo daqueles que non teñen un amplo acceso á internet.</p> <p>Dando unha liberdade total de creación, as obras de arte que se envían tanto ó mail do centro como da biblioteca son procesados e colgados tanto no blogue da biblioteca <a href="https://abibliodefuco.blogspot.com/">https://abibliodefuco.blogspot.com/</a> como noutro especial</p>

	creado para esta situación chamado “Artistas no confinamento” <a href="https://www.edu.xunta.gal/centros/ceippepedexan/blog/9">https://www.edu.xunta.gal/centros/ceippepedexan/blog/9</a>
<b>Materiais e recursos:</b>	Todo tipo de materiais que teñan pola casa, prestando especial atención á reutilización e reciclaxe así como a integración de elementos da natureza ós que poidan ter acceso sempre sen poñer en risco a súa saúde nin a dos seus familiares.

<b>4. Información e publicidade.</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	As comunicación ás familias fanse vía Abalar móbil ao igual que se leva facendo dende o comezo do curso.
<b>Publicidade</b>	Este documento, igual que as tarefas semanais propostas para o alumnado estará colgado na páxina web do centro <a href="https://www.edu.xunta.gal/centros/ceippepedexan/">https://www.edu.xunta.gal/centros/ceippepedexan/</a>